



Raza
Mos
A galiña galega



RAZA MOS. SABOR DE RAZA



Raza Mos, referente da avicultura artesá



Desde tempos remotos as carnes dos produtos que se obtiñan a partir da raza Mos, xa foran polos, galos, capóns, galiñas ou ovos, eran moi apreciados polos consumidores, sendo en moitos casos exportados a mercados do resto da Península Ibérica.

O recoñecemento que tiña a raza Mos naqueles tempos viña dado principalmente pola suma dunhas características xenéticas peculiares máis un sistema de crianza ao aire libre que lle daba ás carnes unhas características diferenciais.



Fotos históricas da Raza Mos. Á esquerda, Álvaro Cunqueiro na feira de Vilalba en 1963 e, á dereita, exemplares da raza Mos no ano 1939



Características especiais da canal e da carne:

- Elevado rendemento das partes nobres (zancos, contrazancos, peitugas e ás), xa que son aves que fan moito exercicio
- Proporción de carne consumible moi superior á dos galos industriais, xa que a súa pel e o seu óso pesan menos
- Baixo nivel de graxa, sendo ademais de alta calidade e moi saudable debido á alta proporción de ácidos graxos poliinsaturados, omega 6 e omega 3
- Pel moi fina e case transparente, xa que por debaixo non hai case graxa
- Alta cantidade de proteína e mioglobina, que lle dá unha coloración escura, tendo unha gran cantidade de ferro
- Carnes luminosas, tenras e moi apreciadas polos consumidores, que grazas ás súas características soportan moi ben a conxelación durante meses
- Sabor intenso e diferente
- Trazabilidade e control da carne desde o nacemento ata o prato
- Crianza artesanal, con coidado e cariño



Carne única, sorprendente e de calidade superior

As características mostradas foron analizadas no proxecto de investigación denominado “Estudo comparativo das características produtivas e organolépticas dos galos Mos fronte a unha estirpe comercial”, realizado pola Federación de razas autóctonas de Galicia-Boaga, o Centro Tecnolóxico da Carne e o Centro de Recursos Zootécnicos de Galicia, dependentes da Xunta de Galicia, sendo financiado con fondos Feader e fondos propios da Xunta de Galicia e do Ministerio de Medio Ambiente, y Medio Rural y Marino.